

BORRADOR

Proyecto Educativo

IES de Mugaros



MMVIII

Proxecto Educativo (PE)

Documento I

O IES de Mugardos

Datos de localización e identificación

Oferta educativa

Breve historia

Dotación e equipamento

Recursos humanos

Alumnado

Principios de identidade, valores e fins educativos

Documento asociado:

*Estudo socioeconómico dos concellos de Mugardos e Ares
Planos das instalacións*

Datos do centro

Centro


Código centro	Nome
<input type="text" value="15025657"/>	<input type="text" value="IES de Mugardos"/>
Titularidade	
<input type="text" value="Consellería de Educación e Ordenación Universitaria"/>	

Enderezo

Enderezo	
<input type="text" value="Rúa O Cristo s/n"/>	
Localidade	
<input type="text" value="Mugardos (San Xulián)"/>	
Concello	
<input type="text" value="Mugardos"/>	
Cód. postal	Provincia
<input type="text" value="15620"/>	<input type="text" value="Coruña (A)"/>

Contacto

Teléfono
<input type="text" value="881938200"/>
Enderezo electrónico
ies.mugardos@edu.xunta.es
Enderezo web
<input type="text" value="http://www.edu.xunta.es/centros/iesdemugardos/"/>



Véñse empregando como logotipo este cadro de grandes dimensións da pintora **Elena Gago** (A Coruña 1940?-2011) que forma parte do patrimonio do centro.

Localización

Latitude: 43.458713 (43° 27' 31" N)

Lonxitude: -8.26174 (8° 15' 42" W)

Mugardos (12,7 Km²) e Ares (18,2 Km²) son dos concellos máis pequenos da provincia da Coruña. Ambos os termos municipais conforman a meirande parte da península de Bezoucos, que divide as rías de Ferrol e de Ares, dentro do golfo Ártabro. Mugardos ten 5.600 habitantes e Ares, 5.200.

O edificio do instituto atópase nunha zona alta da vila de Mugardos desde a que contempla a ría e a cidade de Ferrol. O edificio constrúese no ano 1989 no coñecido como monte da Pandoira no que está documentada a existencia dun castro. Trátase dunha zona case eminentemente verde, colindante co xardín do Centro de Interpretación do Xacemento de Caldoval.

Oferta educativa

Ensinanza
Educación secundaria obrigatoria
Bacharelato
Ciencias
Humanidades e ciencias sociais
Educación secundaria para persoas adultas
Ciclos formativos
Formación Profesional Básica
Agroxardinaría e composicións florais

Na actualidade todas as ensinanzas impártanse no plan LOMCE dentro do rexime xeral ordinario. Trátase dunha oferta ampla que ademais se vén completando nos últimos anos con cursos de Cualificación en Linguas Estranxeiras (CUALE) principalmente dos niveis A2 e B1 de inglés. Tamén se imparten nos últimos cursos clases dentro do coñecido como Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA).

Dotación e equipamento

O centro ocupa unha superficie total construída de 3.669,42 m² repartidos en dúas plantas. De edificación máis recente é o Pavillón deportivo.

Planta baixa

Conserxería, biblioteca, salón de actos, sala de reunións coas familias, secretaría, despacho secretario/a, xefatura de estudos e vicedirección, despacho dirección, orientación, aseos, cuarto de limpeza, cafetería, varios almacéns, laboratorio de física y de química, departamento de física e química, aula de tecnoloxía, vestiarios, sala de caldeira e varios vestíbulos e escaleiras. Almacén de xardinaría.

Primeiro andar

Aulas, aula de música, de debuxo, departamentos de diferentes materias, aseos, aula de informática, departamento de orientación e a sala de profesores.

Vivenda do consexo integrada no edificio principal.

Todo o recinto educativo exterior complétase con varias zonas axardinadas, un invernadoiro e unha cancha deportiva exterior.

Recursos humanos

Persoal docente

Estabilizado nos últimos anos en 33 docentes, distribuídos en varios corpos administrativos: catedráticos de ensino secundario; profesores de ensino secundario; un mestre/a de Pedagogía Terapéutica; un profesor/a de relixión católica; e o último incorporado profesorado técnico pra o ciclo de FPB.

Ademais, solicítase un mestre externo para o PROA e unha praza de auxiliar de conversa. De ser necesario para atender a alumnado con necesidades especiais tamén se solicita un especialista de Audición e Linguaxe.

Persoal non docente

Un administrativo/a

Dous conserxes


Tres limpadores/as: dúas prazas laborais fixas e outra contratada a media xornada.

Servizos complementarios

Concesionaria da cafetería escolar

Alumnado

Evolución histórica



A capacidade inicial do instituto estaba fixada nas 420 prazas escolares. Aínda que no século pasado se chegou a matricular esa cantidade de alumnos, na actualidade a media non chega a superar os 250. Redondeando á baixa, unha centena ESO, outra de bacharelato e outra cantidade fluctuante para o resto da oferta educativa.

De cara ao futuro ábrese un período de incerteza fortemente vinculado á evolución demográfica dos concellos de Ares, para a matrícula de bacharelato, e Mugarodos para ESO e bacharelato.

Principios de identidade: valores e fins educativos

O IES de Mugarodos é un centro público de educación comprometido cos dereitos, valores e ideais democráticos e polo tanto, organizará as actividades educativas e de convivencia baseándose nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Promoverá, asemade, a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

Como centro de ensino público, resumimos o noso ideárium nas seguintes metas:

- Conseguirmos unha ensinanza de calidade, é dicir, que teña como parámetros a relevancia, a eficacia, a eficiencia e a equidade.
- Conseguirmos a formación do alumnado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e respecto dentro dos principios democráticos de convivencia.

A educación no Centro realizarase atendendo especialmente aos seguintes principios educativos:

- **Desenvolvemento humano.** O centro constitúe un medio importante de desenvolvemento humano. Entre as finalidades educativas do mesmo recoñécese como prioritario o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a.
- **Igualdade de oportunidades.** Formación no desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- **Calidade da educación.** A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo así como de coñecementos científicos e técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. A preparación dos nosos alumnos para participar na vida social e cultural . Espertar nos alumnos/as o interese por aprender.
- **Educación en valores.** A formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais para o exercicio da tolerancia, da liberdade, responsabilidade, democracia, solidariedade, igualdade. A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente.
- **Responsabilidade.** A formación na responsabilidade individual e no mérito e no esforzo persoal. Así mesmo, conseguir unha organización de centro que de xeito eficiente trate de reducir ao máximo os resultados negativos e optimizar eficazmente por todos os medios as estruturas do actual sistema educativo.

Para iso facemos nosos os seguintes valores:

Inclusividade

Queremos un centro educativo que teña como referente ético primordial o valor da dignidade humana e que acepte a todas as persoas, sexa cal sexa a súa condición, e que as axude a desenvolveren ao máximo as súas capacidades.

Equidade

Queremos un centro que, atento á singularidade de cada persoa, asegure a igualdade de oportunidades e mais o apoio específico necesario.

Respecto ao alumnado

Queremos un centro que recoñeza aos alumnos e alumnas como persoas libres en período de crecemento e que traballe para que acaden o maior desenvolvemento na súa autonomía persoal.

Convivencia

Queremos un centro que guíe todas as súas actuacións desde o respecto aos dereitos humanos e ao principio de convivencia democrática.

Liberdade, responsabilidade e xustiza

Queremos un centro que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade e a xustiza.

Cidadanía

Queremos un centro que prepare os nosos alumnos e alumnas para o exercicio dunha cidadanía crítica e responsable, integrado e comprometido co seu entorno cultural e social.

Participación

Queremos un centro plural, que acolla todas as persoas e fomenta a colaboración entre as familias, o alumnado e os profesionais, e se implique co entorno e o conxunto da sociedade.

Interculturalidade

Queremos un centro que promueva a interculturalidade como estratexia para coñecer, respectar e aprender a vivir con outras e noutras culturas.

Competencia profesional docente

Queremos un centro que aposte pola mellora continua e se comprometa coa ensinanza e coas metodoloxías innovadoras para garantirmos o desenvolvemento das competencias por parte de todo o alumnado.

Coeducación

Queremos un centro que impulse as relacións igualitarias e que eduque no rexeitamento de toda forma de discriminación e violencia de xénero.

Normalización y plurilingüismo

Queremos un centro que favoreza a normalización do uso da lingua galega e que aposte pola formación de alumnos e alumnas plurilingües.

Consonte as metas e valores, propoñemos os seguintes obxectivos:

Centro

1. Impulsar unha xestión democrática en todos os aspectos da vida escolar.
2. Xestionar de xeito adecuado e eficaz todos os recursos humanos e materiais dos que dispoñemos.
3. Conseguir un ambiente de traballo gratificante para todos/as.
4. Garantir a comunicación e colaboración entre todos os sectores da comunidade educativa.
5. Favorecer un clima de tolerancia e respecto entre todos os membros da comunidade educativa, resolvendo os conflitos por medio do diálogo e a participación responsable.
6. Facilitar cauces de expresión e participación do alumnado, as familias e o profesorado, potenciando a colaboración de todos na organización e desenvolvemento do centro, cada un desde o seu ámbito de competencias.
7. Priorizar as propostas educativas que teñan como eixo a inclusión real de todos os alumnos e alumnas.
8. Incrementar o uso das novas tecnoloxías (TIC) poñéndoa ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe e da participación activa dos distintos axentes da comunidade escolar.
9. Fomentar o uso da lingua galega entre todos os membros da comunidade escolar.

Alumnado

10. Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade do noso alumnado, axudándoo a aprender, razoar e tomar decisións por si mesmos. Capacitalos para

que responsable e libremente poidan tomar decisións persoais, desenvolvendo e exercendo á vez ao seu sentido crítico e aumentando a súa autoestima.

11. Formar os nosos alumnos e alumnas no respecto polos dereitos humanos, valores éticos e liberdades evitando actitudes de rexeitamento ou discriminación por sexo, raza ou relixión.
12. Formar persoas capaces de resolver as súas discrepancias facendo uso da palabra e, por tanto, da reflexión e o razoamento, sen facer uso da violencia.
13. Formar no compromiso solidario co entorno e a colectividade desenvolvendo hábitos cívicos. Lograr que o alumnado desenvolva o seu sentido de responsabilidade social, preocupándose polo que ocorre na súa familia, o seu centro, a súa comarca, país...
14. Lograr que todo o alumnado do noso centro acade o máximo desenvolvemento das súas competencias.
15. Potenciar o desenvolvemento emocional dos alumnos e alumnas traballando as habilidades que lles permitan medrar como persoas e estableceren relacións interpersoais positivas.
16. Favorecer no alumnado que teña altas expectativas e motivación para a aprendizaxe e se esforce en conseguir os mellores éxitos dos que sexa capaz.
17. Inculcar hábitos e estilos de vida saudables. Fomento da educación e actividade física.
18. Lograr que o alumando aprecie, respecte e goce da natureza.
19. Lograr que o alumnado goce das artes (música, teatro, literatura, cine, patrimonio artístico, etc.) desenvolvendo a súa capacidade creativa.
20. Desenvolver no alumnado a metodoloxía científica, a necesidade de rigorosidade e de toma de decisións a partir de datos e evidencias.

Profesorado

21. Conseguir unha coordinación do profesorado eficaz e eficiente que teña como prioridade a mellora dos resultados escolares e a formación continua.
22. Impulsar a formación permanente do profesorado como indicador dunha educación de calidade.
23. Estimular a participación do profesorado en actividades de innovación educativa.

24. Considerar a función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.

Familias

25. Fomentar a colaboración coas familias na tarefa educativa.
26. Facilitar o coñecemento e acceso a todas as axudas e bolsas de estudos.

Contorna

27. Fomentar a colaboración do noso instituto con outros centros educativos, asociacións e organismos locais tanto educativos como sociais, culturais, laborais... que enriquezan a nosa actividade educativa.

Metodoloxía

A metodoloxía utilizada no ensino deberá ser responsabilidade do profesor que dirixe e orienta esa acción. Non obstante, para unha maior coordinación didáctica de todas as actividades do centro sinalaremos os aspectos xerais referidos a métodos e técnicas didácticas:

- Os contidos de cada disciplina non deben estar illados dos contidos das restantes disciplinas nin desvinculados da realidade sacionatural.
- A aprendizaxe debe ter sentido na medida en que serve para resolver os problemas que presenta a vida diaria ou para ser transferidos a outras situacións de aprendizaxe.
- O profesor deberá potenciar todos os aspectos encamiñados a aumentar a autoestima dos alumnos e a súa motivación cara o ensino (confianza, convicción, entusiasmo...)
- O profesor potenciará o estudo individual, a busca autónoma da documentación, a organización independente do seu traballo, etc.
- As aprendizaxes deberán adaptarse ás características individuais dos alumnos. Isto supón que hai que partir dos coñecementos que teñan os alumnos, das súas expectativas e posibilidades de éxito, das súas características persoais e intelectuais, dos seus ritmos de aprendizaxe, etc.

- A educación debe de ser un proceso de socialización, de apertura persoal, de comunicabilidade, de adaptación e integración social. No desenvolvemento das actividades o alumno deberá aprender a convivir, a compartir, a contrastar pensamentos e accións, a satisfacer a súa tendencia natural cara a comunicación cos demais.
- Daremos prioridade ás aprendizaxes que se realizan a través da experiencia, á comprensión do que se fai e aos procedementos que se utilizan para resolver as actividades, sobre aquelas outras aprendizaxes meramente mecánicas e memorísticas. O alumno deberá atopar significado ao que fai; el mesmo será o protagonista da súa aprendizaxe, descubrirá por si mesmo todo o que desexe saber ou queremos que saiba sobre un tema, será o que contraste e comprobe o que aprenda, experimente, tire conclusións e faga proposicións. As actividades de aprendizaxe enfocaranse desde o método científico, esixindo do alumno unha actividade reflexiva e comunicativa que afecta a todas as súas capacidades mentais: o alumno debe acostumarse a formular preguntas e hipóteses sobre a tarefa que vai realizar, observará, obterá datos, ordenaralos, operará con eles, contrastaralos e sacará conclusións.

ANEXOS

- Anexo I: *Estudo socioeconómico dos concellos de Mugardos e Ares.*

LIGAZÓNS

- Breve historia do centro: [Historia do instituto curso a curso](#)